

Home

FELIPE VILLAR TRÍO

FELIPE VILLAR GUITARRA | MAX GÓMEZ BATERÍA | JOSÉ MANUEL DÍAZ CONTRABAJO



O guitarrista **Felipe Villar** (Vigo, 1976), comeza na música estudando guitarra clásica no conservatorio, que o cabo dos anos abandoará por diverxencias “estilísticas”. Despois dun longo periplo autodidacta polos terreos do **Blues** e do **Funk** interésase polo Jazz. Obten a súa licenciatura en Jazz pola **ESMAE** (Oporto) no ano 2011, aínda que comezou nisto do jazz da man do **Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra** e da **Estudio Escola de Música** con profesores coma **Abe Rabade**, **Paco Charlín** ou **Suso Atanes**. Recibiu clases tamén de xente coma **Nuno Ferreira**, **Jordi Rossy**, **Peter Bernstein**, **Michael Kanan**, **Jonathan Kreisberg**, **Lage Lund**, **Walter Smith**, **Marcus Strickland**, **Mike Moreno**, **Aaron Goldberg**, **Jonathan Blake**, **Dave Liebman**, **Gilad Heckselman** ou **Greg Ruggiero** entre os destacados dunha lista interminable.

Participa ou ten participado en bandas coma, **Alberto Vilas Quinteto**, **Rua da Alegría**, **Proxecto Lusogalaico**, **Esmas Big Band**, **Javier Marcos Trío**, **Jazzología**, **Antonio Otero Quartet**, **The Groove Project**, **Ten Jazz Men**.... Ademais lidera o seu propio trío e cuarteto. Ten participado nos principios festivais e locais de Jazz de Galicia, España e Portugal; Festival de Jazz de Pontevedra, Festival de Jazz de Lugo, Nigranjazz, Imaxina Sons, Casa da Música (Porto), Xancarajazz, Filloa, Clavicembalo, Dado Dadá...

A súa discografía comeza alá polo ano 2000 cun disco funk da banda viguesa **Travel Hats**. En 2011 gravou o primeiro disco do quinteto do pianista galego **Alberto Vilas: “Experianza”**, publicado pola discográfica galega Azos Jazz. En 2012 gravou en Oporto o primeiro disco do septeto hispano-portugués **Rua da Alegría: “101”**, como premio ao **mellor combo de Jazz na festa do Jazz de Sao Luis 2011(Lisboa)**, con algúns dos novos valores do jazz galego e portugués. No 2013 gravou o segundo disco co **Alberto Vilas Quinteto** que aínda non saíu a rúa.

Co seu trío ven de gravar en Xaneiro de 2014 o que será o seu primeiro disco coma lider: **“Home”**, acompañado por **Max Gómez** na batería e **Jose Manuel Díaz** no contrabaixo. Un disco que ante todo pretende ser moi honesto, grabado en directo no estudio da súa casa, e que pretende achegarse ao sonido de dous dos seus grandes heroes: **Jim Hall** e **Peter Bernstein**.

A súa vida está plenamente ligada ó jazz. É coordinador e profesor da **Escola de Jazz e Música Moderna Mayeysis/Taller de Musics** en Vigo, é o organizador do **Festival Nigranjazz**, e tamén é o programador das **Jam Sessions de La Casa de Arriba** en Vigo